

## Varia

# Palabras, n'A Insua dos Poetas, ante un monumento escultórico de Manuel Penín que é a alegoría dun singular poema de Celso Emilio Ferreiro

**Xesús ALONSO MONTERO**

Universidade de Santiago de Compostela  
Real Academia Galega

Miñas donas e meus señores, amigas e amigos da poesía:

Estamos nun lugar insólito, nun escenario do que moitos outros países carecen; estamos na esgrevia orografía ourensá, nun territorio que hoxe é a capital, en Galicia, da República das Letras, territorio no que todos, sen excepción, somos republicanos. Estamos n'A Insua dos Poetas, un nome que xa ten vocación de inmortalidade. O lugar, o nome e a función desta singular insua é un invento, o invento dun poeta, dun alto poeta: Luís González Tosar. Desde 1986, data do seu primeiro libro, os seus versos alimentan a emoción poética dos lectores que entenden de palabras vivas, fondas e reveladoras: dos que aman a poesía.

En todo poeta dos tempos modernos hai sempre un lector, case sempre un lector atento doutros poetas, non para terminar sendo un eco dunha desas voces poéticas senón para encontrar e definir a súa verdadeira voz no contacto con esas outras voces. Na constitución de González Tosar como voz poética axudárono outros poetas, galegos uns, foráneos outros. El, n'A Insua, quere renderlle homenaxe de gratitude aos poetas galegos que cos seus versos axudárono a cavilar, a medrar e a constituírse en poeta. Por iso, acordou sementar este insólito predio literario, a Insua dos Poetas, de monumentos escultóricos que evoquen o nome e a obra de poetas moi amados por el, poetas que tamén están entre

as devocións de moitos bos lectores de poesía, sexan ou non galegos. O ano pasado, na primeira edición, o poeta homenaxeado foi Xosé María Díaz Castro, o autor desa desacougante oración cívica titulada "Penélope", que se abre e se pecha cun verso de ouro, "Un paso adiante e outro atrás, Galicia". Cónstame que o ano que vén, o monumento escultórico evocará a figura auroal de Rosalía de Castro pois nese ano, o 2013, celebraremos o sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*, o libro fundacional da literatura galega moderna. Será, pois, na terceira edición.

Agora ben, quen hoxe nos convoca aquí, quen protagoniza esta segunda edición é Celso Emilio Ferreiro, a voz poética que máis corazóns commoveu e activou na Galicia do século XX. Neste ilustre mapa de monumentos escultóricos non podía faltar, n'A Insua dos Poetas, o nome de Celso Emilio, aínda que non fose, este, o ano do seu centenario. O inventor e lendakari d'A Insua, diante da obra poética de Celso Emilio, soubo escoller un poema representativo da súa musa, moi representativo, o poema "Irmaus", de 1962, polo tanto, escrito en plena noite franquista. Antes desta excelente alegoría de Manuel Penín, foi recitado centos de veces e cantado, dentro e fóra das nosas fronteiras, por xograres que fixeron do título, "Irmaus", unha ferramenta cargada de esperanza. Algúns dos versos converteron o galego, en 1962, nunha lingua literaria insólita e insolente:

Si é túa a miña noite,  
 si choran os meus ollos o teu pranto,  
 si os nosos berros son igoales,  
 coma un irmau che falo.  
 Anque as nosas palabras sean distintas,  
 e ti negro e eu branco,  
 si temos semellantes as feridas,  
 coma un irmau che falo.

Así pois, conclúe o poeta, os seres humanos, se vivimos na mesma “noite” e “temos semellantes as feridas”, temos os mesmos “soños” e unha “patria común”. O internacionalismo non burgués falaba en galego, unha lingua proletaria, na voz dun poeta excelso.

Cando o poeta facía esta interpelación (“coma un irmau che falo”), a sociedade estaba chea de “feridas”, especialmente a española, orfa daquela dos dereitos máis elementais. Esta proclama cantouse en estrados académicos, en tribunas universitarias, no adro das igrexas posconciliares, en turreiros parroquiais e diante de obreiros cobizosos de palabras solidarias. O poema, que tivo, daquela, moitos lectores entusiastas, aínda non chegou aos millóns de persoas que o deberían asumir. Eu propoño que se traduza, desde hoxe mesmo, aos sete mil douscentos idiomas que aínda se falan e se cantan nos cinco continentes do Planeta. De momento, temos, n'a Insua, esta magnífica versión no idioma do bronce, que soportará, *per saecula*, non só os ventos esgrevios e bravos do inverno ourensán senón os ventos tóxicos e balorentos que abrollan do ventre sen entrañas dos bancos e dos seus beocios definidores, xestores e cómplices, troika que converteu a Economía en antropofaxia.

Cando estes ventos barolentos e tóxicos amainen, o mundo decantarase por unha alternativa humana, unha alternativa da que falarán os bardos do futuro, quizais infelizmente non moi próximo. Eses bardos cantarán a nova Era en mil idiomas: en galego e en guaraní, en castelán e en sardo logudorés, en ruso e en xeorxiano, en inglés e en gaélico, en francés e en occitano, en quechua e en portugués, etcétera, etcétera, etcétera. Esa nova Era tivo un preludeo, un fermoso e afastado precedente, que tamén cantou, en dezaneve versos de ouro, Celso Emilio Ferreiro. Titúlase este poema “O reino”, un poema que é un canto, unha apoloxía, e, ao mesmo tempo, unha elexía:

No tempo aquí  
 cando os animais falaban,  
 decir libertá non era triste,  
 decir verdá era coma un río,  
 decir amor,  
 decir amigo,  
 era igoal que nomear a primavera.  
 Ninguén sabía dos aldraxes.  
 Cando os animais falaban  
 os homes cantaban nos solpores  
 pombas de luz e xílgaros de soños.  
 Decir teu e meu non se entendía,  
 decir espada estaba prohibido,  
 decir prisión somente era unha verba  
 sin senso, un aire que mancaba  
 o corazón da xente.

¿Cándo,  
 cándo se perdeu  
 iste gran Reino?

X. A. M.  
 28 de xullo de 2012